


RESUMO DO PROXECTO

A UNIÓN EUROPEA a través do Fondo Marítimo e Pesqueiro (FEMP) , xunto coa Xunta de Galicia, financia o proxecto para a recuperación do hábitat da zona de Ribeira da Mouta, que ten como obxectivo principal a restauración da biodiversidade mariña existente neste espazo natural antes da existencia do matadoiro (que xa non existe na actualidade) e da construción da ponte que une o Illote da Torre co barrio de San Tomé. Esta actuación contribuirá á mellora dos servizos ecosistémicos no sentido de que a consecución final do obxectivo do proxecto influiría positivamente na veciñanza de Cambados, na medida de que as mariscadoras a pé da Confraría poderían desenvolver a súa actividade marisqueira nunha zona que neste momentos atópase nun estado mellorable dende o punto de vista medioambiental.

O grado de execución foi elevado segundo as actividades previstas no proxecto, que consistían na limpeza e retirada de residuos da zona a rexenerar, o aporte de áridos que correxían a granulometría e finalmente a sementeira de ameixa procedente de traslados realizados polas propias mariscadoras.



Os resultados iniciais poden observarse na figura anterior, namentres que a recuperación observarás co paso do tempo.